



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Compañía Gas Natural SDG, S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o dezanove de maio de dous mil dezaseis, coa Compañía Gas Natural SDG, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Compañía Gas Natural SDG, S.A. Colaboración que se levará a cabo nos seguintes campos de actuación:

- Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións de Gas Natural Fenosa.
- Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos/as traballadores/as de Gas Natural Fenosa, dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- Impulso dun sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.





- Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Creación de Aulas Gas Natural Fenosa e cesión de equipamentos para a realización de prácticas nos centros de formación profesional.
- Promoción e difusión das ensinanzas de formación profesional por parte de Gas Natural Fenosa.
- Calquera outra colaboración de interese para ambas partes, emprendemento, prevención de riscos laborais, etc.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

- Na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como o aprendizaxe ao longo da vida. Igualmente, modifícase a redacción do apartado 2 do artigo 42, que contempla que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións Educativas regularán esta fase e a mencionada exención.
- Na Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e





acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

- No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas.
- Que Gas Natural Fenosa é un grupo multinacional líder no sector enerxético e pioneiro na integración de gas e electricidade; comprometidos coa innovación e o respecto pola contorna e que ofrecen produtos e servizos baseados na eficiencia enerxética, as redes intelixentes e a mobilidade sostible.
- Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector industrial, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

